

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI CELEBRADA O DÍA 4 DE MAIO DE 2016.

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Belén Cachafero Anta.	PP
CONCELLEIROS:	
D. Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez.	PP
D ^a Ana Isabel Doval Fraíz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández.	PS de G -PSOE
D. José Manuel Álvarez Sanmartín.	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
D. Roberto Jorge Correa.	BNG
Falta previa excusa:	
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
SECRETARIA:	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernández	

En Forcarei a 4 de maio de 2016, mércores, sendo as nove horas oito minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.


Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- ACORDO DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE A FUSION DOS CONCELLOS DE CERDEDO E COTOBADA E A SÚA REPERCUSIÓN NO CONCELLO DE FORCAREI.

A Sra. Alcaldesa inicia a sesión do pleno sinalando que o único punto da orde do día xa foi acordado nunha reunión . Da a palabra a D. Vicente Búa Martínez, concelleiro do PP, que da lectura ó texto. Indica que cree que recolle todas as inquietudes de Forcarei en canto ó procedemento de fusión, e insta á Xunta de Galicia para que non se cambie ningún servizo dos que ten o Concello de Forcarei a consecuencia da fusión.

Dna. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdG-PSOE, expón que o seu grupo vai a votar a favor por dous motivos: primeiro porque considera necesario que se xunten os grupos políticos en defensa dos servizos básicos neste momento, e en segundo lugar porque hai moitas das propostas do PSdG-PSOE reflectidas no acordo, como a referente ó FP no Instituto de Forcarei e o acceso a obradoiros de emprego. Cree que o goberno do concello debe reflexionar, xa que lles parece moi útil crear unha comisión de seguimento para este asunto.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de FF, apoia o acordo, pero tamén considera que é



necesario crear unha comisión de estudo propia para este tema.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, argumenta que se vai abster porque considera fundamental a creación da comisión de seguimento local para que esto sexa algo máis que papel para un día. Isto é un asunto moi serio para os veciños.

D. Vicente Búa, concelleiro do PP, indica que a postura do seu grupo é que nun concello pequeno con facilidades para xuntarse en calquera momento o crear un órgano suxeito a prazos e procedementos é innecesario, e que hai disposición do grupo de goberno para xuntarse en calquera momento.

Dña. Ana Doval, voceira do PSdG-PSOE indica que é necesario instaurar ese procedemento, porque non ve xusto que se convoque a catro ou cinco membros do PP e tan so á voceira do PSdG-PSOE e non poidan asistir ás reunións os seus concelleiros. A Sra. Alcaldesa di que non se lle prohibiu a ningún concelleiro vir, e D. Miguel Pereira Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE indica que el non assistiu porque non se lle convocou, porque as convocatorias foron para os voceiros. A Sra. Alcaldesa di que foi un erro de interpretación, porque asistiron os dous membros do grupo mixto, isto é a Sra. Concelleira de FF e o Sr. Concelleiro do BNG.


Sometido o asunto a votación resulta a seguinte:

- Votos a favor: nove (9), Sres/as Concelleiros/as do PP, PSdG-PSOE e F.F
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: unha (1), Sr. Concelleiro do BNG.

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

O concello de Forcarei, conta na actualidade con preto de 3700 habitantes; situado no interior de Pontevedra, sofre, dun xeito bastante similar aos demais Concellos de interior, unha tendencia demográfica negativa, cun acelerado avellentamento da poboación, tan só mitigada, en certa medida, pola creación de postos de traballo nos nosos Polígonos Industriais, así como pola fortaleza do noso tecido agro-gandeiro; e nesa liña, deben de moverse as políticas a tomar, esforzándose todas as administracións en garantir os servizos básicos para todos os cidadáns que opten por facer a súa vida no rural. Concellos como Forcarei, non podemos permitirmos a perda de unha soa familia porque os seus fillos non teñan unha praza de escola infantil, de colexio de primaria, de instituto ou un servizo axeitado de pediatría; do mesmo xeito, debemos de loitar sen descanso, para contar cunhas infraestruturas que nos conecten, dun xeito efectivo, tanto coa Capital Galega como coas demais capitais como poden ser Pontevedra ou Vigo, e tamén, por suposto, debe de ser un obxectivo a medio prazo, o conseguir unhas mellores conexións de transporte público, que nos posicionen nunha situación de igualdade de oportunidades coas demais vilas de Galicia. Dende as distintas Administracións, debemos de esforzarnos pola optimización dos recursos cos que contamos, a fin de manter, mellorar e mesmo aumentar eses servizos que precisa a cidadanía para poder vivir máis aló das grandes urbes; non podemos esquecer nos nunca, da natureza rural do noso país, Galicia, polo que a dispersión xeográfica que nalgúns casos se dá, non pode ser escusa para a prestación dos servizos.

En datas recentes, vimos de asistir ao anuncio do inicio do proceso de fusión



entre os concellos de Cerdedo e Cotobade. Dende Forcarei, queremos mostrar o noso respecto á iniciativa deses Concellos. Pero tal e como mostramos ese respecto, queremos mostrar tamén o noso interese polas repercusións que tal fusión, pode levar consigo para os Concellos limítrofes, como é o caso de Forcarei. Dito proceso, afecta á unidade da Comarca da Terra de Montes, ao Partido Xudicial de A Estrada, entre outros.

En canto ao Partido Xudicial de A Estrada, cabe mencionar que na actualidade, está conformado polos Concellos de A Estrada, Forcarei e Cerdedo, que suman unha poboación de 26.000 habitantes. Se Cerdedo, trala fusión, se integra en Pontevedra, este Partido Xudicial de A Estrada, quedaría conformado polos dous Concellos restantes, Forcarei e A Estrada, que acadan unha poboación de case que 25.000 habitantes, e o dato que resulta máis importante, cunha extensión de 449 Kilómetros cadrados, que fai case que imprescindible a permanencia deste Partido Xudicial, toda vez que non sexa posible a integración no mesmo, do Concello resultante da fusión entre Cerdedo e Cotobade.

Outro asunto de interese para Forcarei, é a situación do IES Chano Piñeiro; a este instituto, acoden estudantes de Forcarei e Cerdedo. Se non caso de que o proceso de fusión entre Cerdedo e Cotobade se culminase satisfactoriamente, e os estudantes de Cerdedo, fosen desplazados ao IES de Tenorio, os veciños de Forcarei, non poderíamos asumir que a oferta educativa do IES Chano Piñeiro, se vise mermada. Lonxe delo, consideramos que dende a Consellería de Educación se debe de facer o esforzo de completar esa oferta con novas modalidades de Bacharelato que permitan que os rapaces de Forcarei, teñan as mesmas oportunidades que os de outras vilas de Galicia.

Do mesmo xeito, este proceso de fusión entre Cerdedo e Cotobade, plantéxanos a Forcarei a dúbida sobre o futuro do PAC de Cerdedo, que cubre as urxencias de Forcarei e dos transeúntes da zona, toda vez que Cotobade na actualidade, non conta con este imprescindible servizo de saúde. Se para Forcarei no su día, foi xa difícil de entender que nos teñamos que desplazar a Cerdedo para chegar a un Servizo de Urxencias médicas, véndonos obrigados nalgúns casos a percorrer case que 30 kilómetros, e co problema engadido de non dispoñer dunha ambulancia asociada a ese PAC nun territorio no que é moi necesario, ao contar cunha poboación envellecida e cunha dispersión importante, agora xórdenos o interese de cal vai ser a estratexia da Consellería de Sanidade con este servizo, logo do proceso de fusión de Cerdedo e Cotobade. Ao noso modo de ver, só existen dúas alternativas viables; que ou ben se manteña e reforcé o PAC de Cerdedo e os forcaricenses sigamos acudindo a él cando o precisemos, ou ben, no caso de que Cerdedo deixe de contar con este Servizo, se dote a Forcarei dun centro que reúna as características de Atención Continua de Urxencias. Por todo o exposto, e en defensa dos intereses dos veciños de Forcarei, o Pleno do Concello, adopta o seguinte acordo:

- Instar á Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a adoptar con Forcarei un compromiso firme e por escrito, de que se manterá o Partido Xudicial de A Estrada, ben sexa incorporando ao Concello resultante da fusión entre Cerdedo e Cotobade, ou en todo caso, se manteña o Partido Xudicial entre os Concellos de Forcarei e A Estrada, dado a importante extensión que abarca (449 km²) e a realidade demográfica do mesmo, cunha poboación cada vez máis dispersa e avellentada.

- Instar á Consellería de Sanidade, a que no caso de o Proceso de Fusión entre os Concellos de Cerdedo e Cotobade, se manteña e se reforce con medios. (ambulancia, persoal, etc.) o Servizo de Urxencias PAC de Cerdedo para que os veciños de Forcarei o continúen utilizando como ata agora, ou no seu defecto, se dote a Forcarei dun Servizo



destas características.


- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a manter a oferta académica do IES Chano Piñeiro e a estudar a posibilidade da oferta na área de ciclos medios para axudar a inserción laboral daqueles que non queren cursar bacharelato e ao tempo evitar a perda de alumnado cara outros centros, contribuíndo así, a que os mozos de Forcarei, teñan as mesmas oportunidades que os de outras vilas de Galicia.

- Instar á Consellería de Traballo e Servizos Sociais a deseñar e poñer en marcha programas de inserción laboral para os concellos de menos de 5000 habitantes que non poden optar, en solitario, aos Obradoiros de Emprego.

- E en xeral, INSTAR ao Goberno da Xunta de Galicia, para que vele porque a fusión de Cerdedo e Cotobade, non mingüe os servizos que recibe a cidadanía dos Concellos limítrofes, pois a mellora das condicións de vida dunha parte da cidadanía nunca pode ter lugar en detrimento dos servizos que reciben os demais.


E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as nove horas e vinte minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.

Vtº e Prº
A Alcaldesa



Asdo: Belén Cachafeiro Anta.

A Secretaria,



Asdo: Mª Elena Sueiro Fernández